



ACONTECIMENTOS DO ANO

A redacción do Anuario Brigantino agradece a colaboración especial que para este apartado tivo por parte dos corresponsais locais de "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego", D. Antonio Naya Salorio e D. Eusebio Tenreiro García.

Agradecemos así mesmo a colaboración gráfica de: Arume, Estudios Blanco, Faraldo, Fersal, Gabín, Novfo, "La Voz de Galicia", "El Ideal Gallego", ...



Rúa da Ribeira. Fotografía de Alfredo Erias (X-1991).

5 de xaneiro de 1994

A choiva desluciu a tradicional Cabalgata de Reis, organizada pola Asociación de Veciños de Santa María-A Ribeira, coa colaboración da Escola-Taller do Concello de Betanzos, realizada finalmente como unha recepción na Sala de Festas "Rey Brigo".

7 de xaneiro de 1994

Fixose público que as obras do Paseo da Tolerancia, á beira da Ponte Vella, teñen un presuposto total de douscentos millóns de pesetas, sendo visitada a zona polo Alcalde D. Manuel Lagares Pérez e o Xefe de Demarcación de Costas, D. Eduardo Toba.

8 de xaneiro de 1994

Neste día tivo lugar a clausura da mostra de debuxo e pintura organizada pola agrupación betanceira de arte e cultura "Inzar", que estivo aberta ó público desde o 22 de decembro no Edificio Arquivo.

10 de xaneiro de 1994

Comenzan no Polideportivo de Betanzos as clases da Escola Municipal de Folklore, nas especialidades de gaita, tamboril e pandeireta.

11 de xaneiro de 1994

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, trasladouse a Madrid para visitar as obras hidráulicas da capital e reunirse co Director Xeral do Ministerio de Administración Públicas, D. Pedro de Eusebio, con obxecto de tratar das axudas de este organismo ós concellos galegos no 1994.



5 de xaneiro de 1994

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, ofreceu unha recepción oficial no Concello á xente da terceira idade, acto tradicional co que se remata o programa de festas de Nadal e Aninovo.

20 de xaneiro de 1994

A choiva causa inundacións nalgunhas localidades do Concello, particularmente na Acea, onde se producen regularmente ano tras ano.

25 de xaneiro de 1994

Presentouse a Peña Deportivista Saco de Betanzos, presidida por D. Manuel Amado Santos, partindo inicialmente con trinta socios.

27 de xaneiro de 1994

A normalidade foi a tónica dominante na xornada de folga xeral de 24 horas, convocada polas centrais sindicais en todo o territorio do Estado. No transporte regular de viaxeiros só funcionaron os servicos mínimos e vironse afectados os de limpeza e o de obras. Non se percibiu a presenza de piquetes informativos. O paro foi total nos centros escolares e no sector do metal.

31 de xaneiro de 1994

A "Escola Taller Pasatempo de Betanzos" iniciou a rehabilitación do "Asilo Manuel Naveira".

12/16 de febreiro de 1994

Tiveron lugar as festas do Antroido de 1994, con concursos de comparsas musicais e desfiles de carrozas, baixo a organización da Escola Taller Pasatempo.

18 de febreiro de 1994

Iniciáronse as obras dunha zona de recreo en Betanzos, situada no Xuncaliño, cerca do Mandeo e dos Pelamios, e destinada a usos deportivos e recreativos.

21 de febreiro de 1994

Betanzos pon en práctica a recollida selectiva de residuos, diferenciando os contedores de papel, cartón e vidro usados. Isto é posible gracias a un convenio suscrito entre o Concello e a Dirección Xeral de Política Medioambiental.



22 de febreiro

No Concello tivo lugar o acto de doación ó Arquivo Municipal de Betanzos, por parte de D. Carlos Álvarez López, do arquivo persoal que desde a fundación da Coral Polifónica de Betanzos veu realizando co mimo de artista e home culto que é. Un ficheiro pomenorizado e numerosos álbums de fotografías, recortes de prensa, catálogos de man, etc. son o tesouro que este home admirable doa a Betanzos. O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez recibiu e agradeceu persoal e oficialmente a doación. Desde o Anuario Brigantino sumámonos tamén a ese agradecemento.

22 de Febreiro de 1994

Os alumnos do Instituto de F.P. de Betanzos bloquearon as portas de acceso do centro, en protesta porque cae auga nos talleres de Electricidade.



25 de febreiro de 1994

Alumnos do Instituto de F.P. de Betanzos continuaron as súas mobilizacións e organizaron unha marcha lenta pola Nacional VI ó seu paso pola cidade ata a Plaza dos Irmáns García Naveira.



1 de marzo de 1994

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar o acto de doación á Biblioteca e Arquivo Municipais, por parte de D. Antonio Noguerol Otero, de diversos libros, planos, etc. de gran importancia para a cidade. É D. Antonio home que colabora a cotío coas institucións culturais do Concello, e o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez así llo recoñeceu. Desde o Anuario Brigantino, o noso agradecemento.

2 de Marzo de 1994

Iniciáronse as obras de acondicionamento das pistas deportivas da localidade, cun orzamento global de máis de oito millóns de pts.

3 de marzo de 1994

100 dos 160 alumnos de F.P. continuaron a súa protesta e encerráronse nos talleres do Instituto por espazo de dous días. Pronto se coñeceu unha nota do Delegado Provincial da Consellería de Educación pola que se adjudicarían as obras demandadas: os alumnos, por este motivo, deixaron as mobilizacións.

5 de marzo de 1994

Comenzaron as obras do Paseo da Tolerancia á beira do río Mandeo e do antigo Hospital da Anunciata, hoxe convento de "Madres Agustinas Recoletas".

10 de marzo de 1994

Un total de vinte persoas participan nun curso de alfabetización de adultos baixo o lema "No dejemos agarrotar nuestra mente", organizada pola Concellería de Servicios Sociais.



11 de marzo de 1994

Nun corte de tráfico da Nacional VI realizada polos estudantes do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos, dous deles foron atropelados por un camión. Éste continuou a marcha e foi detido en Pontedeume.

13 de marzo de 1994

D. Manuel Villuendas Borondo donou ó Arquivo Municipal de Betanzos un "comodin tipográfico" de finais do século XIX, co que se compuxeron infindade de libros e carteis na imprenta de "M. Villuendas", que é actualmente a máis antiga de Galicia en funcionamento. Ó agradecemento do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, sumámonos tamén desde o Anuario.

16 de marzo de 1994

D. José M^º Iglesias Pérez, concelleiro de Betanzos durante o período da II República Española, cumpriu 101 anos e con tal motivo recibiu a visita do Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, e de diversos concelleiros.



21/23 de marzo de 1994

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, asiste nestes días ás xornadas de "Directoria 94" na localidade belga de Bruxelas, con expertos da Comunidade Europea en temas municipais e rexionais.

26 de marzo de 1994

A nosa cidade acolleu nesta data o Congreso Comarcal do Sindicato Labrego Galego, onde se debaten temas de interese xeral como os referentes ó leite, á carne de gando vacún, á pataca e ó oruxo, entre outros.

27 de marzo de 1994

A bendición dos Ramos, desenrolada entre as Igrexas de Santo Domingo e San Francisco, abriu os actos litúrxicos da Semana Santa brigantina.

30 de marzo de 1994

Ten lugar no campo de fútbol "García Hermanos" un encontro amistoso entre o Betanzos e o Deportivo da Coruña no "II Trofeo de la Amistad", co resultado final de 0 - 7 favorable ó equipo herculino. O partido tivo lugar como contraprestación ás facilidades dadas polo Betanzos F.C. ó Deportivo ó longo de toda a tempada.



7 de abril de 1994

A gravación do programa de TVGA "Galicia Enteira" trouxo a Betanzos imaxes evocadoras como a deste globo aerostático na Praza do Campo. Sería emitido o 9 de maio.

8 de abril de 1994

Nesta data celebráronse por terceiro ano consecutivo as "Xornadas da Natureza", organizadas polo Concello a través da Escola-Taller. Houbo diversas conferencias alusivas á terra e á repoboación de varias especies animais á beira do río Mandeo e no campo dos Caneiros.

9 de abril de 1994

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez mantivo durante esta semana diversas entrevistas con representantes e dirixentes da Xunta de Galicia para estudar as actuacións desta institución en Betanzos. Entrevistouse entre outros cos Conselleiros de Sanidade, D. José Manuel Romay Becaría, e co de xustiza e interior, D. Juan Miguel Diz Guedes.



19 de abril de 1994

Varios particulares entregaron pezas de gran valor histórico ó Museo das Mariñas. Entre estas hai unha ánfora do s. XV-XVI atopada por D. Eloy Fandiño cando mariscaba á altura da Ponte do Pedrido; varios utensilios de xastrería de D. Pedro Pena, fotos antigas, etc. por parte do seu sobriño D. Joaquín Pena Cal, unha ampla colección de moedas e billetes nacionais e extranxeiras por parte de D. Vicente García Blanco e tamén billetes por parte de D. Francisco Boullosa Cerviño. O acto foi presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado do Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, do Director do Museo das Mariñas, D. Alfredo Erias e do Secreario, D. Emilio García Crespo.



21 de abril de 1994

Inicianse en Betanzos as II Xornadas Técnicas para a Policía Local, organizadas polo Concello de Betanzos e nas que participan máis de cen persoas, representando un total de 75 concellos do territorio nacional. As xornadas tiveron lugar na Aula Municipal da Cultura e serían clausuradas o día 30, cando se fixo entrega de diplomas, momento que recolle a fotografía.

21 de abril de 1994

O Concello aprobou a nova normativa dos mercados, na que os vendedores, previa acreditación, poderán acceder cos seus vehículos de transporte á Praza dos Irmáns García Naveira. O horario da exposición será dende as sete da mañá á unha do mediodía.

Abril de 1994

A Escola Taller brigantina construiu 24 novas papeleiras para a cidade, que se colocaron en diversas zonas do casco histórico.

28 de abril de 1994

A asamblea local de "Manos Unidas" organizou un festival benéfico na Aula Municipal de Cultura de Betanzos, no que participaron o Coro da Terceira Idade, o conxunto de baile do Polideportivo de Betanzos, o grupo "Lanzós" e o grupo "Educación", entre outros.

6 de maio de 1994

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Salvador Fernández Moreda, pronunciou o pregón da "IX Festa do Viño de Betanzos", co que se declarou inaugurado o certame, que se prolongou ata o día 8. Este ano a Feira contará con catorce casetas onde se vende o viño da zona, amenizado con pasarrúas de agrupacións folklóricas e verbenas pola noite na Praza dos Irmáns García Naveira.

Maio de 1994

O padrón municipal brigantino superou por primeira vez os 12.300 habitantes, chegando concretamente á cifra de 12.322, repartidas entre 5.836 varóns e 6.486 mulleres.

Maio de 1994

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, mantivo unha entrevista co Presidente da Deputación da Coruña, D. Salvador Fernández Moreda, na que se pasou revista ás obras pendentes.



17 de maio de 1994

Con motivo do "Día das Letras Galegas" presentouse na Aula Municipal de Cultura do Edificio Arquivo o libro "Betanzos na Voz dos Poetas", unha selección de poemas en galego adicados á cidade brigantina, realizada por D. Xesús Torres Regueiro. Foi presentado polo poeta Uxío Novoneyra, en acto presidido por D. Manuel Lagares Pérez (momento que recolle a fotografía).

Tamén se repartiron entre os colexios guías de lectura realizadas na Biblioteca Municipal sobre a figura de Luís Seoane, e o día 19 tivo lugar unha conferencia do director do Museo Arqueolóxico da Coruña, D. Felipe Senén, sobre "Luís Seoane e o seu aporte a unha nova teoría da arte galega". O día 31, para pechar o programa municipal con motivo do Día das Letras Galegas

representouse na Aula de Cultura a obra de teatro "Os cravos de prata", a cargo do grupo "Luzada".

26 de maio de 1994

D. Emilio García Crespo, secretario xeral do Concello de Betanzos, cumpriu a idade de xubilación, motivo polo que o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, en agradecemento á súa labora de tantos anos, lle impuxo a insignia de ouro da cidade. ➤



3 de xuño de 1994

A Governadora Civil da provincia da Coruña dona Pilar Lledó, visitou oficialmente o concello de Betanzos, sendo recibida polo Alcalde D. Manuel Lagares Pérez, conversando arredor de temas relativos á seguridade cidadán e á colaboración mútua entre as dúas institucións. ➤



4-5 de xuño de 1994

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, participa nun encontro de Alcaldes Ibéricos, en recordo do Tratado de Tordesillas, ó que asistiron cerca de mil cincocentos ediles españois e portugueses.

Xuño de 1994

Comenzou neste mes unha campaña de protección ó medio ambiente organizada polo Concello a través da Escola Taller "Pasatempo". Ten como principal obxectivo implicar e concienciar ós cidadáns, especialmente ós máis novos, da importancia de manter en bó estado á natureza.

10 de xuño de 1994

Inauguráronse as novas instalacións do INEM en Betanzos coa presenza do Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, e a Gobernadora Civil da provincia, dona Pilar Lledó. Estas dependencias entraron en funcionamento o 1 de setembro deste ano.



17 de xuño de 1994

O barrio das Cascas - A Condesa de Betanzos iniciou nestas datas as festas populares en honor a San Antonio, que durarían ata o día seguinte. Por este motivo abriuse en Betanzos o "Centro Cultural das Cascas" e inaugurouse a fonte pública da Condesa, coa presenza do Alcalde, D. Manuel Lagares.

Xuño de 1994

A demolición dunha casa perto da Porta da Vila deixou ó descuberto un torreón medieval da muralla de impresionante aspecto. Hoxe o novo edificio xa o agocha outra vez, pero polo menos quedannos as imaxes fotográficas ... O 28 deste mes apareceu a noticia na prensa. A imaxe foi tomada a finais de novembro de 1994. ➤



Eriás, XI-1994

Xuño de 1994


A auga causa danos na Igrexa brigantina de San Francisco.

25 de xuño de 1994

A Garda Civil de Betanzos conmemorou o 150 aniversario da súa fundación coa celebración dunha misa na Igrexa de Santiago...

1 de xullo de 1994

Invitados pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e pola Deputación Provincial da Coruña, estiveron na nosa cidade unha delegación de ediles arxentinos, que foron recibidos polo Alcalde D. Manuel Lagares Pérez e outros membros do goberno local.



4 de xullo de 1994

Comenzou nesta data a IV Edición da "Bial Balconadas" organizada polo Concello de Betanzos. Foron presentadas máis de 200 obras, algunha delas con temática da cidade. Ata o doce de Agosto o casco histórico da urbe convertiuse nunha orixinal pinacoteca, colgando dos seus vellos balcóns e galerías uns dous centos de pinturas. A artista madrileña Martina Dasnoy foi a gañadora da Bial, acadando un premio de 500.000 pesetas. O mesmo día 4 inaugurouse tamén o curso de "Gráfica" no edificio recién rehabilitado de San Francisco, curso que está dirixido polo artista D. Jesús Niñez. Tódolos actos foron presididos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

7 de xullo de 1994

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, e o Presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreda asinaron un convenio polo que o organismo coruñés cede en depósito ó Museo das Mariñas diversos instrumentos musicais e elementos etnográficos, que complementan outra cesión anterior de traxes tradicionais.



11/15 de xullo de 1994

A aula de cultura do Edificio Arquivo de Betanzos foi estes días o escenario do seminario internacional "El camino de la emigración", organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. Entre as destacadas personalidades presentes falaron o Catedrático de Filosofía, don José Luis López Aranguren, o Director Xeral de Migraciones, don Raimundo Aragón, e o Profesor de Psiquiatría da Universidade de Barcelona, don José Luis Martí Tusquets.

Á dereita o Profesor López Aranguren asina no Libro de Ouro da Cidade en presenza do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



Xullo de 1994

A Catedrática de Betanzos, D^a Concepción Delgado Corral obtivo a calificación de Sobresáinte Cum Laude na presentación da súa Tese Doctoral, "A obra de Florbela Espanca: as múltiples caras de unha muller artista". Foi lida na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, sendo dirixida polo profesor D. José Luis Rodríguez. Florbela Espanca é unha autora contemporánea de Fernando Pessoa e punto de partida da creación dunha poética feminina moderna. O tribunal estivo constituído polos profesores D^a Pilar Vázquez Cuesta, D. Benito Varela Jácome, D. Ángel Marcos de Dios, D^a Luisa Trias Folch e D. Francisco Salinas. ➤

22 de xullo de 1994

Foi aprobado pola Corporación Municipal o Plan do Polígono Industrial de Betanzos, instalacións que serán enclavadas na parroquia de Piadela. O seu uso principal será para industria e almacenaxe e disporá de boas comunicacións, sobre todo na súa parte sur, que comunicará co trazado da futura autovía A Coruña-Lugo.





Xullo de 1994

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado do Delegado de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira e outros concelleiros, recibiu na Sala Capitular do Concello ó equipo benxamín do Betanzos F. C.



Xullo de 1994

Dentro da programación de actos festivos do verán que fixo o Concello, cabe destacar, entre moitas outras, a actuación no Museo das Mariñas do grupo brigantino "Evocación".

4 de agosto de 1994

Inaugurouse un importante núcleo comercial do municipio baixo a promoción do grupo "Gadisa", situado na zona chamada "Bulevar B" da Avenida Jesús García Naveira. Este centro comercial prevé crear uns cincuenta postos de traballo, dentro dun total de 15 pequenas tendas, ademais dos supermercados "Aldi", nunha superficie de dous mil metros cadrados.



22 de xullo de 1994

Tivo lugar no Edificio Arquivo (Liceo) a inauguración da mostra "Euroamericana de Grabado", en acto que presidiu D. Antonio Lagares Pérez, a quen acompañaban o Delegado de Cultura do Concello, D. Francisco Díaz Pereira, e diversos artistas, tales como o brigantino Jesús Núñez...



25 de xullo de 1994

Tivo lugar no cruceiro da Cruz Verde a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a súa vida por Galicia.

Xullo de 1994

As antigas Escolas de San Francisco acolleron por primeira vez o curso de "Gráfica", o que lle deu o edificio un aspecto cheo de ledicia creativa. Ali estiveron 51 alumnos matriculados, baixo a dirección, coma sempre de Jesús Núñez.




5 de agosto de 1994

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, presentou o programa das festas de San Roque. O presuposto municipal para tal acontecemento foi duns 15 millóns de pesetas.

12 de agosto de 1994

O adestramento de Real Madrid no campo García Hermanos de Betanzos con motivo do Trofeo Teresa Herrera abarrotou o campo dúas horas antes da chegada dos homes de Valdano, rexistrándose unha entrada aproximada de catro mil persoas.



13 de agosto de 1994

Este día foi histórico para Betanzos, porque tivo lugar unha homenaxe do Concello e da Coral Polifónica á memoria do gran artista D. José Veiga Roel, representado pola súa viúva, D^a Consuelo Sánchez Sánchez, e os fillos, con actos na Sala Capitular, na igrexa de San Francisco, na Alameda que rodea o Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia (esta levará a partir deste día o nome de "ALAMEDA VEIGA ROEL") e no





propio edificio onde se inaugurou unha exposición con tódolos debuxos e traballos caligráficos do mestre, feito que non tiña precedentes. Pero, por se isto fose pouco, a Coral Polifónica, organizadora da mostra, presentou tamén un magnífico libro titulado, J. VEIGA ROEL (1894-1976): DIBUJOS - CALIGRAFÍAS. Desde o Anuario Brigantino sumámonos ó recoñecemento e admiración que Betanzos tributou a este home.



13 de agosto de 1994

Encadeados cos actos de homenaxe a D. José Veiga Roel, nos que a Coral Polifónica tivo tanto protagonismo, o Concello de Betanzos concedeu a esta institución a MEDALLA DE PRATA DA CIDADE en recoñecemento á súa labouira.

14 de agosto de 1994

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, coroou á Raiña das Festas Patronais, a fermosa moza dona Carmela del Río Rodríguez, na Praza da Constitución, abarrotada de xente. Acto seguido, o ilustre xuíz, D. Baltasar Garzón deu lectura ó Pregón das Festas, ó que seguiu unha recepción na Sala Capitular á Raiña e ás damas de honra, así como ás autoridades presentes.

Despois, a comitiva percorreu as rúas da cidade no medio da música, das danzas gremiais e da ledicia xeral.



Pregón das Festas

Boas noites amigos. Atopámonos aquí, neste pretil gozoso, coa festa por bandeira, listos para o gozo e a lembranza. Betanzos vístese de brillo e de ledicia. Imos abrir a fiestra do asombro e a romper a fráxil amarra das distancias. Estamos todos aquí, congregados neste Betanzos palpitante de estío e da memoria.

E neste trance festeiro van brotando, coma se dun sono se tratara, os anxos do tempo. Anxos que co seu vóo de séculos, estremecendo o aire, vannos acendendo as nosas lámparas para a celebración da ledicia. Agora estamos vendo, coma nun magnífico caleidoscopio, tódolos capítulos do libro. I é que Betanzos é un fermoso libro, un fermoso conto, un fermoso sono. Fillas de Deus mariñeiro e azul, chea de atardeceres e de penas, amiga do vento e da altura.

Nesta vila dos Cabaleiros pousouse a historia e aquí, todos xunguidos, segredamente vinculados, abrazámonos coas pedras e as árbores, mentres abaixo, coas gaivotas debuxando a costa, as flores dos toxos e as campanas tocando, un mar que brama, que arrula, que espellea, azoutando en espuma a base dos acantilados ou desmaiándose melancolicamente na praia, saúda o noso alborozo. A natureza, a historia e os betanceiros fixéronse, de repente, un glorioso nudo no medio da festa. Todos fomos convocados: nenos, vellos, mozos, forasteiros e ata os nosos mortos. Aquí non sobra ninguén. Tódalas paisaxes da morriña e a lembranza téñense amotinados e dispostos coma un inmenso decorado arredor da ledicia.

Todos nos trasladamos a Betanzos, en afanosa romaría, o Betanzos dos cabaleiros según topónimo hoxe en desuso por brevidade rutinaria, que non por descalificación da súa entraña señorial. Capital dunha das sete primitivas provincias galegas, nada perdeu do empaque. Eu veño do Sur, e tráiovos un ramo de olivo e un caravel. A rosa dos ventos quedouse queda e commovida enriba xusto dos nosos ollos. Longo capítulo adica nas súas *Memorias o Visitador* da Diócesis Compostelana, D. Jerónimo del Hoyo á cidade de Betanzos que detidamente visitou por tres veces no mil seiscientos oito. O fermoso país bañado polos ríos Mendo e Mandeo, debeu agrada-lle sobremaneira, "porque toda la tierra por donde pasan -son as súas verbas- parece un paraíso de flores y de frutas".

E agora pído vos permiso para seguir por un pouco en castelán que xa sabedes que me da menos traballo.



Subiendo con la memoria puesta a lomo del caballo de los siglos, las fiestas de San Roque, santo de pródiga largueza en milagros y favores, que se asoma cada año por el balcón del cielo, son una formidable convocatoria de todos los sentidos; vista, oído, olfato, gusto y tacto con su guarnición y fantasía, danzas y danzas incansablemente proclamando la apología de los cuerpos, los cuerpos de los que fueron y de los que aún quedan, y de paso, la gloria de las almas.

Es preciso que echemos a andar la imaginación como náufragos en busca de raíces y patrias, ¿fue Brigo, hijo de Túbal, quién después del diluvio universal escogió esta tierra para su asentamiento? ¿Fue Brigantium, citada por los geógrafos grecorromanos Ptolomeo y Orosio, la población de Tiobre que todavía conserva el nombre de "Betanzos o Vello"? Sabemos que la historia de esta villa viene de muy lejos; se pierde en el tiempo y en la leyenda. Romanos y Suevos fueron acotando este espacio sin igual, embelleciendo de piedras y caminos esta geografía, diseñando proyectos de conquista y de grandeza.

Betanzos es un gran festival para los ojos, las ventanas del alma que ven la curva en el río dormido por los juncos. El Alto de las Angustias la contempla. Elevada en el Castro de Unta, y rodeada de campos, vides y plantas de lúpulo. La vista se regala con sus Puertas y sus Puentes. Betanzos ha sido y sigue siendo un inmenso puente, una feria de tránsitos, un reclamo de accesos y acercamientos: el Puente Viejo de Trajano, el Puente Nuevo construido por Fernán Pérez de Andrade, el Puente de Las Cascas sobre el río Mendo, el Puente de Cachiñas, el Puente de Hierro, el Puente de Roibeira...

Y luego las puertas. Betanzos nunca quiso vivir en la clausura ni en la trinchera; sus murallas la guardaban, pero sus puertas y arcos la proyectaban hacia el infinito de la tierra. La Puerta de la Villa, cuyos escudos hoy permanecen, el Arco del Puente Viejo, la Puerta del Cristo de la Ribera, el Arco del Puente Nuevo... entre Puentes y Arcos un zurcido de calles donde todo se cambia y se comparte, donde todo se cree y se pregunta: la Rúa dos Ferreiros, Rúa dos Prateiros, Rúa dos Ferradores, Rúa Travesa, Rúa do Castro... remedos medievales donde la vida cotidiana en sus filones de gloria y de penas se deshilachan como la harina de todos los días. Betanzos es un perfecto regalo para los ojos, que disfrutan atónitos y agradecidos cuando el día 18 de Agosto (Fiesta de Los Caneiros), se aproximan por la ría "las barcas", vendimiadoras de estrellas, llenas de luz y color, exhibiendo la belleza y esplendor de la mujer betanceira, y la fuerza marinera de los hombres de esta tierra.



También los oídos. Los oídos quedan dulcemente impactados por el increíble fragor y estruendo de Betanzos y los betanceiros. El ruido de las olas, el aire que avienta la delgada lluvia o la tormenta, las músicas de gaita o de bandurria, escala dulce de estrellada suavidad, el chasquido de los remos, las voces roncadas y firmes de los pescadores que suben por las quebradas calles hasta la plaza, el ruido del lamento, del llanto y de la risa. Los oídos se recrean con fruición perfectamente humana en esta villa singular y magnética.

Y luego el olor. El olor de frondas mojadas, de húmedas flores, de hermosas enredaderas azotadas de lluvia. Betanzos huele a campo, a estremecida hierba, a corteza batida en la tormenta, a musgos anegados, a heno, a brea y a marisco.

También los betanceiros han ganado la batalla al disputar el sentido del gusto a los humanos. En Betanzos el comer y el beber es todo un rito, una hermosa liturgia de panes y de peces. En esta ciudad la gastronomía es una fiesta permanente y seductora. Langosta, lubrigante, camarones, nécoras, minchas, percebes, pateiros, lampreas, robalizas, meigas, castañetas, abadejos, fanecas... son nombres de una entidad gastronómica fluvial y marítima difícilmente superables. El vino del País, las almendras de las Agustinas, el licor de nuez, el trevolés y la renombrada "tortilla áurea", completan el paisaje de este pueblo "con sabor" como así ha sido llamado por la cultura gastronómica.

El Tacto. Como diría el poeta Dante "lo que toca la mano Dios lo siente". El betanceiro toca el cielo y el mar azul con las manos y lava sus penas en la inmensidad de éste, como en un bautismo ancestral, angélico y marinero. Toca las piedras y en ellas acaricia los siglos. Hay quien dice que en los ríos hay cendales de sirenas huidas, encantadas de bruma que salen por la noche para festejar el beso y la caricia. Betanzos es un gozo para el tacto.

Los cinco sentidos nos han enseñado cómo hemos de sentir y compenetrarnos con Betanzos.

Pero, ¿Cómo es esta tierra, cómo son sus moradores?

En Betanzos, como en ningún otro sitio, se observa que la naturaleza, la historia y el arte, se han hermandado en un bronco, pero apasionado abrazo. La memoria, el entendimiento y la voluntad como facultades superiores del alma, se entrelazan en una unidad que supera todos los límites y todas las miserias. El betanceiro vive para la memoria porque en ella todo se transfigura hacia el interior de su latido, la memoria es el fondo legendario del presente, la médula de las cosas palpitando en la corriente de la totalidad, al fin y al cabo una luz vigorosa que nace como una



renovación de algo en su raíz ya visto, un fondo que permanece. A través de la memoria Betanzos y sus gentes recuperan la historia, reviven las hazañas, inauauguran día tras día la aventura del arte... Por eso, esta noble villa, tejedora de espumas y de sueños, también quiere ser piedra tallada, incesante homenaje, clamor mineral al infinito, cúpula, escudo, blasón, sepulcro, portillón del hórreo, arquivoltas y tímpanos, campanario y estatua.

Aquí está el monasterio de San Francisco, monumento capital de la arquitectura gótica de Galicia, con el formidable sarcófago de Fernán Pérez de Andrade. Aquí está el templo de Santa María del Azougue con su estrella de David que se repite en rosetones y ventanales. La iglesia de Santiago, iglesia matriz de la ciudad con la capilla de San Pedro y San Pablo cuyo retablo plateresco encandila y seduce, el convento de Santo Domingo, la capilla de la Magdalena, el barroco ejemplar del Santuario de la Angustia, el Santuario de Nuestra Señora del Camino... Y luego, un arte civil de extraordinaria belleza: la Casa Consistorial donde el genial Ventura Rodríguez puso su sello; el Archivo del Reino de Galicia, obra de Feliciano Míguez, el Palacio del Marqués de Bendaña, el Palacio o Torre de Lanzós, el Palacio de los Condes de Taboada.

Los cueceros o "cruceiros" son ejemplares únicos en las plazas y rincones de la villa. También las fuentes, como la Fuente de Santa María, de Diana o del Pasatiempo... y el Hórreo, callado guardián de las cosechas, que tiene su cuna en Betanzos.

En este laberinto pétreo, la historia de esta ciudad ha mostrado su irreprimible angustia por superarse a sí misma. Betanzos, hermana de abedules y de vientos, quiso salvar siempre las fronteras de al niebla para asomarse al cielo. Así todas las patrias fueron suyas, las de aquí y las de allá. Al fin y al cabo, la vida humana es un terco afán por trascender los límites. Aquí y ahora, queremos celebrar tu memoria secular inscrita en tantas y tantas huellas que nos recuerdan siempre que el hombre es un ser que espera la salvación definitiva.

El entendimiento es la cualidad más noble de los pueblos, decía nuestro recordado Curros Enríquez. Cuando hablamos de Galicia hablamos mucho de morriña y poco del espíritu creador, conspicuo y penetrante de los gallegos. Baste recordar en el ocaso de la cultura medieval a Don Alonso III de Fonseca que fue quizá el mejor representante del humanismo renacentista en Galicia y en España. Profesores gallegos se encuentran en todas las universidades europeas. Gelmirez es un artífice de la europeización de España, forjador de la conciencia de Europa. Y así, podríamos exhibir multitud de ejemplos.

Ayer como hoy existen luces poderosas de entendimiento lúcido que llegan a todos los rincones de España y que nacen en esta bendita tierra. La nómina sería interminable. La inteligencia del pueblo gallego, esa inteligencia sutil pero profunda que nace y se desarrolla en la intrahistoria, en la cotidianidad, es un tipo de inteligencia admirable: es entendimiento pausado, pegado a lo profundo, versátil pero firme, socarrón y excelsa a un tiempo; entendimiento casi vegetal, dulce y amable que hunde sus raíces en la tierra. En una tierra fértil, labrada con escuela pero tantas veces olvidada. Por eso, hoy quiero conmemorar la perspicacia intelectual de la tierra gallega y muy especialmente la de esos hombres y mujeres betanceiros que han creído siempre que con paciencia y dulzura se pueden arrastrar los problemas e intuir siempre las mejores soluciones.

Finalmente, la voluntad del pueblo ha sido proverbial. Hay una acción colectiva de los gallegos en la historia de España que apenas conocemos. Desde la Reconquista a



la Guerra de la Independencia. Baste recordar las palabras de D. Martín de Garay el 10 de julio de 1809, quien entre otras alabanzas de admiración y de agradecimiento dice: "más gloriosos cien veces y más grandes en nuestra insurrección, que débiles parecísteis en nuestra caída... sois, pues, ya libres, y lo debéis a vuestra exaltación sublime, a vuestro valor, y a vuestra constancia".

La indómita voluntad del pueblo gallego ha sido el escudo de su arrojo y la insignia de su aventura atlántica. Baste citar a Juan de Betanzos, que acompañó a Pizarro en su conquista de Perú, o a Pedro de Betanzos, que misionó en distintos lugares de las Indias. También hoy están con nosotros todos los que se fueron y no han vuelto, y todos los que hundieron sus brazos en el mar, y este los retuvo para siempre.

Con voluntad y tesón, el pueblo betanceiro lucha con dureza cada día por su bienestar y prosperidad. Ese espíritu de superación lo lleváis colgado en el corazón como un emblema. Estoy seguro de que vuestros contumaces sueños se han hecho ya realidad y remontarán todos los obstáculos del camino.

En los atributos del cuerpo y del alma se enreda la fiesta con sus guirnaldas o sus fuegos. El globo inmenso de Don Claudino con todos vuestros nombres cosidos en la altura, nos hará ver un año más que la villa de Betanzos de los Caballeros es un pueblo que lucha y sueña por elevarse más allá de las rutinas y la resignación. Un pueblo soñador de utopías y de experiencias nuevas; un pueblo listo para resucitar, un pueblo en constante excursión a las alturas. Un pueblo que tiene su identidad y la defiende.

Hoy, aquí y ahora, Galicia y Andalucía quedan fundidas en un fuerte abrazo, en el que se unen banderas y estandartes, penas, sufrimientos, marginación y olvido, pasado y futuro pero sobre todo ilusiones y esperanzas por un futuro mejor.

Non quero rematar este pregón sen evocar aquilo que constitúe a esencia das nosas festas. Somos nós os que celebramos a festa que a todos enaltece e a todos iguala. Todos temos un sitio neste retablo das maravillas: os nenos de inocentes e sorprendidos ollos, recordaránnos que é posible matar o esquecemento, a crueldade, a agonía da bágoa e o adeus definitivo. Os mozos, cos seus ardentés e frutais sonos, lembraránnos que a vida é unha fonte xubilosa, unha lúa crecente, un pulso



A cidade irmán de Pont L'Abbé, da Bretaña francesa, participou nos desfiles festivos cunha fermosísima mostra dos seus traxes tradicionais.

anhelante, unha antena prodixiosa. Os adultos, co seu tesón e brío, faránnos saber que a pesar de tódolos pesares a loita e a esperanza son aínda posibles. Os vellos deixarán que escoitemos a súa voz que ven de tan lonxe desatando encrucilladas e filtrando no seu corazón o amor á terra e ó seu zumo de ledicia, e que é preciso sementar por enriba do oído.

Todos, pois, con lámparas nas mans, formaremos un modesto pero ilusionado cortexo de gloria humana para celebrar a festa. Bailemos e cantemos! Comamos e bebamos, nesta hora cenital, chea de gozos e de lumes!

Quero desexarvos todo o mellor para hoxe e para mañán. Que a vida vos colme de traballo e de paz; que sigades na loita pola xusticia e solidariedade, xusticia na mar e xusticia na terra firme. Que a vida vos sonría nos vosos fogares e nos vosos fillos. Siquera por uns días o regocijo debe substituír ó loito e a ledicia debe afogar a pena. Coa fe posta nun mañán máis xusto, máis igualitario, máis humano e máis creíble, gritemos todos ó unísono ¡ VIVA A FESTA! ¡ VIVA GALICIA! ¡ VIVA BETANZOS!

Baltasar Garzón

15 de agosto de 1994

Na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez coroou á Rainha Infantil das Festas Patronais, a fermosa rapaza, Clara García Carro.



Función do Voto

Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da Cidade

Señor San Roque

Correspóndeme, novamente, na representación do pobo de Betanzos o presentarche esta humilde plegaria que dende fai máis de cinco séculos che adicamos, en proba de xenerosidade e agradecemento polos moitos favores que nos fixeche nuns momentos especialmente graves nos que a enfermidade e a peste nos invadían.

Como peregrino que recorra boa parte de Europa, na que, hoxe en día, as loitas, as diferencias étnicas, os egoismos e o infrenable consumismo, dividena orixinando enfrontamentos fraticidas entre irmáns, pidoche novamente a túa mediación coa finalidade de que rematen estes conflitos e outros que asolan diversas zonas do noso Planeta.

Que a solidariedade humaná se manifeste con obras e non soamente con xestos e boas palabras, e deste xeito situacións, como poden ser as que se dan en Ruanda, simbolizadas por miles de nenos abandonados, agónicos e mortos, deixen de producirse.

Protexe a tódolos betanceiros e galegos, especialmente, a aqueles colectivos máis desprotexidos e que máis necesitan do teu auxilio e axuda: ós nosos xóvenes, e así como no seu momento aliviache ós betanceiros da peste que nos invadía, fai que a droga, o Sida e as lacras actuais que os rodean, se alonxen do seu entorno; ós nosos maiores, que tanto loitaron para axudar a construí-la sociedade actual, e fai que se lles reconeñan os seus esforzos e non se vexan sumidos no abandono e na marxinação como moitas veces ocorre; ás familias, xermens das sociedades ben feitas, para que atopen o apoio que as encamiñe polos horizontes que tí nos enseñache; ós parados, para que atopen ese necesario traballo que os faga máis útiles á sociedade e poidan encontra-los medios necesarios que desenroten os seus profundos valores do espírito; e de forma xenérica a tódolos que sufren por doenzas físicas, inxusticias, ou debilidades humanas. Sei que as nosas esperanzas e ilusións veranse favorecidas polo apoio que sempre nos dispensache e que o teu profundo sentido caritativo axudará a aliviar e mitigar as carencias humanas. Que así sexa.

Manuel Lagares Pérez

16 de agosto de 1994

Como é tradicional, ás 12 da noite o Globo de San Roque, construído pola Familia Pita subiu ó ceo, no medio dunhas 50.000 persoas. Caería intacto, en Abegondo.





18/25 de agosto de 1994

Neste día celebráronse as xiras ó popular campo dos Caneiros. As dúas xiras transcorreron sen novidades, aínda que o mal tempo desluciu a do 25. No concurso para premiar a embarcación mellor engalanada resultou gañadora a que tiña como lema "Escudo de Betanzos", sendo tamén premiadas as tituladas "Soportales" e "Ornamental Caneiros".

Agosto de 1994

O Cronista Oficial da cidade, D. José Raimundo Núñez Lendoiro é autor dunha obra titulada "La Muralla, la Puerta Real y la Calle de la Plaza Mayor", que supón un aporte importante para o coñecemento das nosas defensas históricas.

Betanzos en las Galias

La Muralla, la Puerta Real

La Calle de la Plaza Mayor



José Raimundo Núñez Lendoiro

Cherco (1984) de la Calle



20 de agosto de 1994

Neste día faleceu D. Antolín Sánchez Fernández, que naceo na cidade o 17-I-1926 no seo dunha familia de fonda raigame betanceira e de profesionais do Dereito, sendo neto, fillo e pai de Alcaldes, todos eles elixidos democraticamente. Estudou o bacharelato nos Maristas da Coruña. Moi afeccionado ós deportes, (pesca, xadrez, billar...) dos que ten múltiples trofeos, aínda se recorda como un futbolista creativo e áxil que destacou no Deportivo Xuvenil, onde coincidiu cos inicios de Luis Suárez. Exerceu como Técnico do Concello entre 1950 e 1970 e, posteriormente, como Procurador dos Tribunais e Xestor Administrativo. Foi un dos impulsores do periódico local "El Eco de las Mariñas" e durante algún tempo exerceu como corresponsal de "La Voz de Galicia". Pertenceu, así mesmo, á Coral Polifónica de Betanzos. Casou con D^a M^a Luisa Presedo López o 10-VI-1953, tendo cinco fillos: Antolín, José, Alicia, Marisa e Luis. Home cordial, gozou do aprecio e estima dos seus conveciños.



10 de Setembro e 9 de novembro de 1994

Sor Rita recibiu unha homenaxe popular en Betanzos, como recoñecemento á súa vida de 69 anos de clausura no convento das Madres Augustinas Recoletas. Ali estivo o Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, o Bispo Auxiliar de Santiago, D. Julián Barrio Barrio, o Concelleiro de Sanidade, D. José Manuel Romay Beccaria e outras autoridades e xente da cidade. O 9 de novembro o Concello faríalle unha recepción na Sala Capitular, momento que recolle a fotografía.



Setembro de 1994

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar o acto de entrega de premios do concurso de lanchas mellor engalanadas dos Caneiros deste ano. O 1º premio de 100.000 pts. foi para a embarcación "José Manuel" cunha réplica do escudo de Betanzos; o segundo para "Concha" (50.000 pts.), que representaba ós Soportais; e o 3º á lancha "A Nosa Bonita" pola súa ornamentación floral.



Setembro de 1994

A principios deste mes atracou no porto da Coruña o barco "María Asumta", que recibiu a visita do betanceiro D. Enrique del Río Carreró, neto do persoeiro que a principios deste século ostentaba a propiedade do que hoxe se considera como o veleiro bergantín máis vello do mundo en funcionamento. Xunto a D. Enrique estaba a súa esposa D^a Encarnación Noguero Otero, así como os seus fillos Enrique e M^a José e os netos do matrimonio, que ós seus 90 anos non quixo perderse a oportunidade de subir a bordo. Segundo comentou D. Enrique, o seu avó Andrés, tamén tivera outras embarcacións, como o "María Luisa" e o "Cabilletes". O "María Asumta" fora construído en Badalona no 1858. Logo de ser utilizado no transporte de diversos produtos entre España e América e sufrir transformacións, no 1980 foi rescatado do desguace por dous británicos.

17 de Setembro de 1994

Celebrouse o primeiro certame de gaitas "Cidade de Betanzos" na Praza García Irmáns, coa participación dun total de quince grupos, organizado pola Asociación de Veciños Alfoli en honra do popular gaiteiro Cafú (en imaxe de arquivo de Estudios Blanco). Os premiados foron os grupos "Ancoradoiro" de Ribeira, "Lecer" de A Coruña, e "Retrincos" de Rianxo, que levaron premios de 100.000, 75.000 e 50.000 pts. ➤



22 de Setembro de 1994

Constituíuse de maneira oficial a "Mesa en Defensa do Ferrocarril", nunha reunión que tivo lugar no Concello de Betanzos. Aprobouse un manifesto no que se solicita á Xunta e á Administración Central o seu compromiso no mantemento e mellora dos servicios.

27 de Setembro de 1994

O mozo brigantino Javier Ares iniciou outra nova etapa da súa volta ó mundo en bicicleta. Nesta ocasión, por Turquía, Irán, Pakistán, Nepal e a India.

30 de Setembro de 1994

Remataron os traballos de conservación e limpeza do retablo de San Pedro e San Pablo, existente na igrexa brigantina de Santiago, e que foi feita por alumnos da "Escola-Taller" e dirixida pola empresa especializada en restauracións "Arte Valladolid".



30 de Setembro de 1994

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino 1993, n.º 16. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, a quen acompañaban diversos membros da Corporación Municipal -entre eles o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira-, así como o Director da publicación, D. Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do profesor de Antropoloxía Social da Facultade de Humanidades de Vigo, D. Xosé Antonio Fidalgo Santamariña.

Setembro de 1994

O Concello de Betanzos editou un folleto que recolle as pezas e conxuntos expositivos máis salientables do Museo das Mariñas. Foi realizado polo director do Museo, D. Alfredo Erias Martínez. ➤

7 de Outubro de 1994

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, e a Directora Provincial do INEM, dona Pilar López Riobó, asinaron un convenio polo que 19 traballadores realizarían proxectos de colaboración co Concello brigantino.



14 de Outubro de 1994

A Comisión de Goberno de Betanzos decidiu incorporar ó Concello na Rede Galega de Concellos Sans, que foi constituída en recentes datas na cidade de Vigo. Esta Rede está conformada por 40 entes locais das catro provincias, entre os que están tamén os de Arteixo e Culleredo, e os seus obxectivos radican no desenvolvemento de programas relativos ó campo da saúde.

18 de outubro de 1994

O artista brigantino D. Luis Galán foi o gañador do concurso para un logotipo do mercado municipal. ➤



27 de Outubro de 1994

Don Manuel Teijo Marín, funcionario municipal de Betanzos, foi despedido polos seus compañeiros cunha comida de confraternidade, por mor da súa xubilación. O homenaxeado recibiu de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, a insignia da cidade.

29 de Outubro de 1994

As instalacións da Escola-Taller Pasatempo de Betanzos dan cabida a catro cursos de formación ocupacional (axudante de cociña, albañilería, auxiliar de biblioteca e cultivo baixo abrigo), cunha duración de entre 250 e 500 horas. O seu fin é a incorporación dos asistentes ás clases ó mercado laboral, beneficiándose as familias brigantinas de escasos recursos económicos.

1 de Novembro de 1994

O mal tempo desluciu a tradicional "Feira de Santos" de Betanzos, a máis importante da poboación ó longo de todo o ano. Aínda así, miles de persoas se congregaron nesta cidade e as retencións de tráfico nas entradas da mesma foron inevitables.

Novembro de 1994

Neste mes acolléronse no Edificio Arquivo catro interesantes exposicións: "Cuba, opción cero", colección de fotocopias de Pedro Sánchez; "Arte e solidariedade" de Manos Unidas; pinturas de Rocío Díaz Vispalia; e "O deporte para todos no municipio", patrocinada ésta pola Deputación Provincial de A Coruña.

9 de Novembro de 1994

O teatro Alfonsetti celebraría desde este día a VI edición das Xornadas de Cine, promovidas pola Sociedade Cultural de Betanzos, de carácter gratuito. As películas proxectadas foron: "En el filo de la duda", "El jardín secreto" e "Vuelve Colmillo Blanco", para o público infantil.

9 de Novembro de 1994

O Concello de Betanzos rendiu unha homenaxe popular á relixosa Sor Manuela de Santa Rita Martínez López nunha recepción que tivo lugar na Sala Capitular da Casa Consistorial, baixo a presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, que lle impuxo a insignia de ouro de Betanzos.

9 de Decembro de 1994

Neste día o Viceministro cubano de cultura, D. Carlos Martí, realizou unha visita institucional a Betanzos dentro dun percorrido por toda a comarca coruñesa entre o que se incluía tamén a capital da provincia e o Concello de Cambre.

12 de Decembro de 1994

D. José R. Núñez Lendoiro, Cronista Oficial de Betanzos, pronunciou nun céntrico hotel coruñés unha conferencia sobre "Torres y Pazos de Galicia".



2 de decembro de 1994

Na Sala Capitular do Concello foi recibido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e outros concelleiros, o Presidente do Centro Galego de Buenos Aires D. Alberto Adrio.

20 de Decembro de 1994

Dentro do programa de actos conmemorativos do Nadal promovidos polo Concello de Betanzos, celebrouse na Aula Municipal de Cultura a representación teatral "Payaso y bailarina" pola Compañía Dragón. Nos seguintes días houbo concertos de música, proxeccións de películas, concurso infantil de carteis navideños e a clausura da mostra de pintura e gravados "Xeira 73".



21 de Decembro de 1994

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, presidiu a recepción oficial na sala capitular do Concello a D. Oswaldo Dans Varela, Presidente do Centro Betanzos de Bos Aires, aproveitando as vacacións de Nadal que pasa na súa localidade natal de Guiliade. Con motivo do 90 aniversario deste Centro, a Corporación Municipal brigantina fará unha viaxe especial á capital arxentina.



21 de decembro de 1994

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o Concerto de Nadal por parte da Banda Municipal de Música, ó tempo que se inaugurou o novo patio de butacas por parte do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

29 de Decembro de 1994

Na Aula Municipal de Cultura actuaron os coros dos clubs de xubilados de Betanzos e A Coruña, dentro dos actos de Nadal organizados polo Concello.



Decembro de 1994

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado de outros concelleiros, inaugurou un centro social e club da terceira idade na urbanización "A Condesa", así como unha fonte pública no lugar.



Don Xulio Cuns Lousa



Don Manuel Rey Ruanova



Don Amador Cortés García



Club Náutico Ría de Betanzos

Durante as Festas Patronais de San Roque, o Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez entregou os premios "Garelo" ás persoas e entidades arriba representadas.



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1994
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE 1995